



Concello de Rábade

ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE DÚAS PRAZAS DE PEÓN DE LIMPEZA E MANTEMENTO DE XARDÍNS E VÍAS PÚBLICAS CON CARGO AO PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO (PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021)

FASE DE OPOSICIÓN

Con data 9 de novembro de 2021, reúnese as 10:00 horas na Casa Consistorial de Rábade, de conformidade coa composición determinada mediante Decreto de Alcaldía de 29 de outubro de 2021, os membros do tribunal de selección que se relacionan a continuación, co gallo da realización da fase de oposición:

Presidenta: D^a. Belén Regueiro Vázquez, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Rábade.

Vogais:
D. Manuel Prado López, xefe da brigada de obras e servizos do Concello de Rábade.

Secretario: D. Jose Angel Balseiro Amido, Secretario do Concello de Rábade.

Así mesmo comparecen os aspirantes seguintes:

D.N.I	NOME
3332*****	SÁNCHEZ RODRÍGUEZ MARÍA CRISTINA

O tribunal de selección acorda trasladar a realización da proba práctica á parte traseira do campo de fútbol municipal, onde se procederá, de acordo co previsto na base sétima, á realización por parte dos aspirantes dunha proba práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio acorde coas tarefas da praza, en concreto o manexo dunha desbrozadora manual e a corta de herba mediante o uso dun tractor cortacésped.

Finalizada a realización da proba práctica, o tribunal de selección, por unanimidade dos seus membros presentes acordou outorgar a seguintes puntuacións:

NOME	PUNTOS
SÁNCHEZ RODRÍGUEZ MARÍA CRISTINA	8,00

Finalmente o tribunal acorda atribuír as puntuacións finais, resultado da suma da puntuación obtida polos aspirantes na fase de concurso mais a obtida na fase de oposición, obténdose os seguintes resultados clasificados de maior a menor puntuación total:

NOME	Fase concurso	Fase de oposición	TOTAL
SÁNCHEZ RODRÍGUEZ MARÍA CRISTINA	4,75	8,00	12,75

Polo tanto á vista dos resultados anteditos, os membros do Tribunal propoñen por unanimidade do seus membros presentes ao órgano competente a atribución das prazas de peóns de limpeza e mantemento de xardíns e vías públicas a:

D.N.I	NOME
3332*****	SÁNCHEZ RODRÍGUEZ MARÍA CRISTINA

E para que conste aos efectos oportunos levántase a presente acta en Rábade, a 9 de novembro de 2021.

A PRESIDENTA,

O SECRETARIO,

Asdo.: Belén Regueiro Vázquez.

Asdo.: Jose Angel Balseiro Amido.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Rábade

Praza do 28 de maio, s/n, Rábade. 27370 Lugo. Tfno. 982390062. Fax: 982390411

Belén Regueiro Vázquez (1 para 2)
Agente Local de Empleo / Contabilidad
Data da Sinatura: 09/11/2021
HASH: a31f1643d80bb7c8a0a46bc16a4ab71f

JOSE ANGEL BALSEIRO AMIDO (2 para 2)
Secretario do Concello
Data da Sinatura: 09/11/2021
HASH: c85946a4a51b735e1285e10f74acdb211



Cod. Validación: 45F0WJCK7NXZNC8SHJPEALACG3 | Corrección: https://rabade.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1



Concello de Rábade

DECRETO DE ALCALDÍA

Instruído procedemento de selección de persoal de conformidade coa lexislación vixente, e en cumprimento dos principios de publicidade mérito e capacidade, esixidos pola Constitución Española, para a selección de dous peóns para o servizo municipal de limpeza e mantemento de xardíns e vías públicas no Concello de Rábade, a tempo parcial (30 horas semanais) por un prazo de 10 meses, con cargo ao programa "Fomento do emprego (Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021)".

Vista a acta do tribunal cualificador reunido o día 9 de novembro de 2021, no que propón a adxudicación de un dos citados postos a D^a. M^a. Cristina Sánchez Rodríguez con DNI N^o 332****, por ter obtido a maior puntuación de conformidade co baremo de puntuación establecido nas bases aprobadas mediante Decreto de Alcaldía de 14 de outubro de 2021.

Pola competencia atribuída no artigo 21.1. h) da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local, a esta Alcaldía **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Adxudicar unha das prazas de peón de limpeza e mantemento de vías públicas, de conformidade coas bases aprobadas mediante Decreto de Alcaldía de 14 de outubro de 2021 a:

D.N.I	NOME
3332****	SÁNCHEZ RODRÍGUEZ MARÍA CRISTINA

SEGUNDO: Instar á adxudicataria para que no prazo establecido nas bases achegue a documentación necesaria para a formalización do contrato.

TERCEIRO: Unha vez achegada a documentación solicitada, que se procedan a realizar tódolos trámites necesarios para a formalización do correspondente contrato laboral.

CUARTO: Dar traslado da presente resolución á Secretaría-Intervención do Concello, e ao Pleno Corporativo na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

En Rábade a 10 de novembro de 2021.
O ALCALDE,

Asdo.: Francisco Xosé Fernández Montes.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.

Francisco Fernández Montes (1 para 2)
Alcalde-presidente
Data de Sinatura: 09/11/2021
HASH: f611f12a16ad298ab3617396c746a71



JOSE ANGEL BALBUENA AMIDO (2 para 2)
Secretario/a Interventor/a y Tesorero/a
Data de Sinatura: 09/11/2021
HASH: cb99464a51b739a1285914d74efc211



DECRETO DE ALCALDIA
Número: 2021-0369 Data: 09/11/2021



Cod. Validación: 77A9NCZW29M9CRRHWZ7HM24 | Corrección: https://rabade.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1

Concello de Rábade

Praza do 28 de maio, s/n, Rábade. 27370 Lugo. Tfno. 982390062. Fax: 982390411